

das nos procedementos instados polos interesados, publícase mediante este edicto, de conformidade co disposto no artigo 61 da mencionada lei, o contido das resolucións, contra as cales poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á data desta publicación, conforme o disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior e de acordo co referido no artigo 61 da dita lei, poderán comparecer persoalmente ou debidamente representados, no Departamento Territorial de Traballo e Benestar da Coruña (rúa Enrique Mariñas, s/n, Matogrande), para os efectos do coñecemento do texto íntegro da resolución e do resto do expediente.

A Coruña, 28 de outubro de 2009.

Luis Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Interesado/a	DNI/NIE	Nº expediente	Resolución	Concello
Sevilla Outeiral, Carmen	52459961C	15.073.0013.009	Denegación	Ribeira
Hernández Campeón, Olmedo	48113092J	15.017.0020.09	Denegación	Cambre
Hernández Campeón, Olmedo	48113092J	15.017.0017.09	Concesión	Cambre
Felten, Serge Bruno	X2709699T	15.030.0481.08	Modificación/ suspensión	A Coruña
Montoya Giménez, Susana	54126307Q	15.030.0118.09	Concesión	A Coruña
González Larrosa, Adriana	X7505193V	15.019.0031.06	Reanudación	Carballo
Barrul Salazar, José	120165.475Q	15.030.0205.08	Extinción	A Coruña
Rey Castro, Miguel Á.	47361332P	15.030.0241.09	Concesión	A Coruña
Palmeiro Araya, Silvana	33991402R	15.078.0022.09	Modificación	Santiago de Compostela
Alami Íñiguez, Brahim	47401617V	15.048.0002.09	Denegación	Miño
Zamfir, Elena	X9469737Q	15.019.0014.09	Denegación	Carballo
Villar Calo, Mª Antonia	47370233P	15.002.0044.09	Arquivo	Ames
Hermida Couce, Romina	33555965T	15.054.0028.08	Caducidade	Narón
Bermúdez Gabarri, Marina	32820709P	15.005.0058.08	Suspensión	Arteixo

Edicto do 28 de outubro de 2009, de Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifican uns requirimentos de documentación incompleta en relación cuns procedementos competencia desta consellería e as persoas que se relacionan no anexo.

En virtude do disposto nos artigos 59.5º e 61 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro) que modifica parcialmente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), e no uso da competencia atribuída a este departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, intentada a notificación no último domicilio dos interesados sen que esta se puidese practicar, notifícaselles ás persoas citadas no anexo para que, no prazo de 10 días contados desde o seguinte á data de publicación

deste edicto, comparezan persoalmente ou debidamente representadas no Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña (Enrique Mariñas, s/n, edificio Proa, andar 9º-Matogrande, A Coruña), para teren coñecemento do contido daquela, advertíndoas que, de non facerse así, se terán por notificadas cos efectos que correspondan.

A Coruña, 28 de outubro de 2009.

Luis Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Interesado/a	DNI/NIE	Nº expediente
Delgado Villegas, Tatiana M.	X-6676528-L	15.030.0234.07
Castro Fajardo, Mª Lorena	32.696.844-K	15.036.0097.09
Bouaksis, Sfía	X-5261046-A	15.030.0340.09

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edicto do 29 de outubro de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes e Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Couto, Foz e Montes das Minas, por solicitude dos veciños de San Paio e Santa Cristina de Ventosela, no concello de Ribadavia (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar no 20 de outubro de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Couto, Foz e Montes das Minas, por solicitude dos veciños de San Paio e Santa Cristina de Ventosela, no concello de Ribadavia, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-Con data do 19 de novembro de 2007 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños de San Paio e Santa Cristina de Ventosela, concello de Ribadavia, en que solicitan a clasificación como veciñal

en man común do devandito monte a favor dos veciños de San Paio e Santa Cristina de Ventosela.

Segundo.-Con data do 22 de maio de 2008 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instructor e procede a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Ribadavia

Denominación do monte: Couto, Foz e Montes das Minas.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de San Paio e Santa Cristina de Ventosela.

Superficie: 1,3986 ha.

Campo da festa.

Superficie: 1,3986 ha.

Estremas:

Norte: límite dominio público A-52; predio rústico: polígono 45, parcela 157.

Sur: camiño Viñas de Camiño

Leste: predio rústico: polígono 45, parcela 163.

Oeste: predio rústico: polígono 45, parcela 9503; predio rústico: polígono 45, parcela 160; predio rústico: polígono 45, parcela 157.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais e man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros


RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños de San Paio e Santa Cristina de Ventosela, no concello de Ribadavia, o monte denominado Couto, Foz e Montes das Minas coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recuso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Ourense, 29 de outubro de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense



Monte veciñal en man común denominado "Campo da Festa", pertencente a San Paio e Santa Cristina
 Parroquia de Ventosela (San Paio). Concello de Ribadavia
 Escala 1:2.500. Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum: ED50
 Cartografía catastral: servidor WMS da Dirección Xeral do Catastro

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura territorial de Ourense. Servizo de montes
 Sección provincial de Ourense do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común



Monte veciñal en man común denominado "Campo da Festa", pertencente a San Paio e Santa Cristina
 Parroquia de Ventosela (San Paio). Concello de Ribadavia
 Escala 1:2.500. Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum: ED50
 Folla topográfica dixital nº 225-22 da Xunta de Galicia

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura territorial de Ourense. Servizo de montes
 Sección provincial de Ourense do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común